



## ALUMNADO DE TRANSPORTE

- As listaxes de alumnado transportado están publicadas nas cristaleiras do Centro.
- Segundo a normativa de transporte escolar, é obrigatorio que os interesados en facer uso deste servizo complementario presenten solicitude, teñan ou non dereito lexítimo ao mesmo, dentro do prazo establecido ao final de cada curso. Unha vez rematado o prazo, non se poden recoller novas solicitudes e só podería haber altas en caso de que a Inspección escolarice a un alumno/a da zona que viva a máis de 2 Km, é dicir, que sexa usuario lexítimo.

A incorporación dun usuario lexítimo a metade de curso, podería supor a baixa doutro autorizado excepcionalmente, no caso de que as prazas no autobús non fosen suficientes.

- A finais do pasado curso comunicouse a todas as familias a necesidade de presentar a solicitude, recolléronse as recibidas en prazo e cursáronse ante a Xefatura Territorial as solicitudes de autorización excepcional.
- Están concedidas as autorizacións excepcionais para todo o alumnado incluído na listaxe publicada.
- A autorización excepcional só supón dereito a utilizar o transporte durante este curso no caso de que non se precisasen máis prazas. Se durante o curso, por novas matrículas de alumnado con dereito estas fosen necesarias, podería revocarse a autorización excepcional a algún alumno/a . A orde para as baixas sería sempre en primeiro lugar para o alumnado da parada de menos distancia ao Centro, e entre os usuarios desta, os maiores.
- Todo o alumnado usuario de transporte está obrigado a facer uso do mesmo **todos os días, nas dúas viaxes**, pois do contrario, segundo establece a normativa, perdería esta condición e sería dado de baixa. Só estarán exentos desta esixencia os alumnos/as de comedor, no servizo de mediodía, e os de “Madrugadores”, no da mañán.

Polo tanto non se poderá facer uso do autobús determinados días fixos á semana, nin en determinadas épocas do curso.

- Debido ao elevado número de alumnado transportado nos autobuses compartidos co CEIP M<sup>a</sup> Pita (Pombo e Rico), as prazas non son sempre suficientes para todos os solicitantes de ambos os dous centros. Neste caso, as direccións de ambos centros deben de eliminar da listaxe de usuarios a solicitantes de autorización excepcional ata que o nº sexa adecuado ás

prazas autorizadas. O criterio a empregar neste caso está establecido na normativa de transporte escolar: En primer lugar, os de paradas máis cercanas, e dentro destes, os maiores.

### **TARXETAS DE TRANSPORTE**

Entrégase a cada usuario un folio a cor de tarxetas de transporte e unha funda para colgar as mesmas.

Aparecen catro tipos de tarxetas, con diferentes debuxos:

- Autobús: Indica que o alumno/a irá no autobús a mediodía.
- Cubertos: Indica que quedará no comedor.
- Familia: Indica que ese día concreto será recollido pola familia e non irá no autobús a mediodía.
- Nome e teléfonos.

Para evitar problemas, e dada a complexidade do traballo de distribuír adecuadamente ao alumnado ao mediodía, evitando sustos para todos, as familias deberán colocar cada día a tarxeta co debuxo adecuado, pola parte de diante da funda, e a dos teléfonos pola parte de detrás, o que permitirá:

- Que non enviemos á casa a un neno/a que deba quedar a comer.
- Que non o metamos na fila de autobús se o van vir buscar, ou vai quedar a comedor.
- Que a cuidadora do transporte poida chamar á familia por teléfono no caso de que ninguén acuda a recollelo á parada.

Pregamos ás familias fagan fotocopia, na mesma cor, das tarxetas antes de esgotalas, pois o Centro non repoñerá fundas nin tarxetas.

Cada autobús ten una cor diferente, que permite ao persoal de garda identificar inmediatamente ao alumnado de cada ruta.

**\*O uso das fundas coas tarxetas é obrigatorio para poder facer uso do servizo de transporte.**